



**CONCELLO  
DE VIGO**



Vigo, 4 de novembro de 2022

Estimadas familias:

Coa intención de seguir apostando polas actividades que a ANPA desenvolve no centro queriamos propoñervos esta nova iniciativa:

O Concello de Vigo pon en marcha a primeira xornada de tenis de mesa escolar "VIGO TENIS DE MESA".

Esta xornada está organizada pola Fundación VIDE co patrocinio do Concello de Vigo e a dirección técnica do clube Illas Cíes de Tenis de Mesa.

#### **Alumnado**

Orientada ós/ás nenos/as dos colexios e institutos de Vigo nados despois do 2008.

#### **Data e horario**

**Domingo 27 de novembro entre as 10 e as 14 horas.**

#### **Sede**

**Pavillón Municipal de Quirós** (Camiño Quirós, 17 – Sárdoma)

#### **Categorías**

**Infantil masculino e feminino: nados en 2009 e 2010**

**Cadete masculino e feminino: nados en 2007 e 2008**

#### **Probas**

Faranse grupos por categoría e competirán entre eles.

#### **Competición**

A competición en cada grupo xogarase todos contra todas, ao mellor de 3 sets. Cada set será a 11 puntos.

#### **Premios**

- Medallas para todos os participantes presentes na clausura.
- Trofeos aos 3 colexios con maior participación.

Cada pai/nai ou titor/a deberá **cubrir unha ficha de AUTORIZACIÓN** que está anexa neste correo e envialo ó correo da ANPA: [anpa.rou@gmail.com](mailto:anpa.rou@gmail.com) especificando o nome do seu fillo/a e a data de nacemento **antes do vindeiro luns 14 de novembro de 2022.**

O día da xornada cada familia farase cargo do desprazamento do/a seu/súa fillo/a

Un saúdo e animádevos  
ANPA ROU